PONTEAREAS | Concello de PONTEAREAS

ACTA REUNIÓN DA MESA DE VALORACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Data: 18 de maio de 2017

Hora: 9.45 h.

Asistentes: Concelleira de P. Cidadá: Cristina Fdez. Davila.

PSOE: M. Jesús Garrote Represas.

EU: Lino Costas Vila

PP: Andrés Sampedro Fernández

- A Concelleira de P. Cidadá entrega copia da única alegación presentada, correspondente á Comunidade de Montes de Xinzo, dando lectura á mesma e tamén ao informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello.

- Valóranse as dúas partes da alegación: 1. Solicitan que no Artigo 22 do regulamento se faga constar de maneira expresa que se podrán inscribir no rexistro de Asociacións as Comunidades de Montes, legalmente constituídas. A este respecto o informe xurídico aclara que debe aceptarse e que no citado artigo debe constar expresamente que as Comunidades de Montes se atopan entre as asociación que poden inscribirse. 2. Solicitan tamén simplificar os documentos que hai que presentar como requisito para inscribirse no rexistro de asociación, ao que o informe xurídico di que debe rexeitarse, pero aclara que pode haber documentación que polo seu peculiar réxime xurídico non poidan presentar as comunidades de montes. Neste caso deberán presentar un escrito que xustifique esta falta e que poida ser tido en conta polo Concello. Acórdase que quede aberto a que calquera asociación poida facelo.

- Decídese por unanimidade que a redacción dos artigos 22 e 28 queden do seguinte xeito:

- ARTIGO 22.- **Inscricións no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá.** Poderán ser inscritas no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá todas as asociacións sen afán de lucro legalmente constituídas que teñan como obxectivos a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses dos cidadáns e das cidadás do municipio e, en particular, as asociación de veciños, de pais de alumnos, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais, comunidades de montes e outras similares, cuxo ámbito de actuación comprenda en todo caso o termo municipal, ou parte deste, e teñan nel a súa sede social.

- ARTIGO 28.- **Documentación que se deberá presentar no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá**
  As entidades que desexen inscribirse no Rexistro Municipal de Entidades e Asociacións de Participación Cidadá deberán presentar:
- Instancia dirixida ao/á concelleiro/a delegado/a de Participación Cidadá na que se solicite a inscrición no citado rexistro.
- Acta fundacional asinada por todas as persoas fundadoras en todas as súas páxinas.
- Copia dos estatutos vixentes.
- Número de inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra ou no rexistro competente.
- Acta ou certificación da última asemblea xeral, ou órgano equivalente, na que fose elixida a xunta directiva vixente no día da inscrición.
- Datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos na entidade ou asociación.
- Domicilio social ou da oficina delegada no termo municipal de Ponteareas, así como os teléfono/s de contacto, enderezo electrónico de contacto e páxina web se estivese operativa.
- Código de Identificación Fiscal.
- Certificación do/da secretario/a da entidade do número de persoas socias, desagregado por sexo, inscritas no momento da solicitude.
- Informe anual das súas actividades, detallando o calendario de accións, obxectivos e resultados agardados.
- Orzamento anual da entidade.
- Autorización para a incorporación dos datos da entidade nun directorio (publicación de catálogos, listaxes na páxina web municipal, etc.).

Se algún dos documentos exixidos non pode ser presentado por algunha das asociación solicitantes ou comunidades de montes, en base ao seu peculiar réxime xurídico, no momento de tramitar a súa solicitude poderán presentar un escrito no que xustifiquen e motiven o incumprimento do requisito en cuestión. A tal efecto o Concello valorará a aceptación da alegación presentada.

- A Mesa fixa a data para a convocatoria de Asamblea de colectivos e asociacións de Pontearéas para o día 1 de xullo de 2017, ás 11 h. no Salón de Plenos do Concello ou Auditorio Municipal, dependendo da súa dispoñibilidade. Publicarase na páxina web en canto sexa posible a alegación presentada, o informe xurídico, así como o novo texton dos artigos 22 e 28 do Regulamento de Participación Cidadá.

Asdo. M. Cristina Fdez. Davila.

Asdo. Lino Costas Vila

Asdo. M. Jesús Garrote Represas

Asdo. Andrés Sampedro Fernández

CONCELLO DE PONTEAREAS
Data: 24/01/2017 9:14:00
2017 / 447
Rexistro Xeral de Entrada

C.M.V.M.C. DE XINZO
Centro Cultural Xinzo
Portela, 34
36891 Xinzo (Ponteareas)
CIF: V36021756

A/A: D.Cristina Fernández (Concelleira de Participación cidadá)

Alegación : En relación o borrador de regulamento de participación cidadá.

Unha vez revisado o borrador que nos foi enviado, atopamos o noso entender dúas cuestións que consideramos, deben revisarse:

1. No artigo 22 do citado borrador, indícase os colectivos que poden inscribirse no rexistro de entidades e asociacións de participación cidadá. Facendo expresa mención a **entidades sen ánimo de lucro.** Con esta consideración as Comunidades de Montes, non podemos participar, dado que as Comunidades , non somos unha asociación como tal, nin tampouco unha empresa (Na concepción expresa do termo), dado que os recursos que xenera unha entidade de este tipo, reverten socialmente, cando menos na maioría dos casos.
   E polo que propoñemos a modificación de ese artigo, facendo constar de maneira expresa no mesmo – **Asociacións sen ánimo de lucro e Comunidades de Montes, legalmente constituídas..... .**
   Tendo as Comunidades un funcionamento, onde a participación cidadá é un elemento identitario e sendo entidades con un forte arraigo no noso concello, resultaría contraditorio que non puideran entrar a formar parte de dito rexistro.
2. Consideramos, que o regulamento debe ser practico, fuxindo de burocracias innecesarias, que faciliten a participación das entidades e das persoas, sen que isto supoña falta do control necesario e rigor en aras de un xusto e correcto funcionamento. Por elo no artigo 28, entendemos que pode simplificarse de maneira considerable. En este sentido si a entidade que quere inscribirse, presenta un certificado , asinado polos reponsables da entidade, indicando a vixencia dos seus estatutos, o número de rexistro que corresponda segun a entidade da que se trate e a vixencia dos seus directivos, así como o seu enderezo social ou calquera outro dato que queira facerse constar. Pode ser moito mais practico. Compre pois o noso entender a revisión do artigo citado e de todos aqueles que poidan ser obxecto de simplificación en beneficio de facilitar a participación.

Valorando de xeito moi positivo a aprobación de un regulamento e posta en practica do mesmo, entendemos necesario sexan consideradas as dúas cuestións presentadas en esta alegación.

En Xinzo, a vinte de xaneiro de Dous mil Dezasete.

Asdo.: José Manuel Lorenzo Varela.
Presidente.